




# Premio Juana de Vega

## Intervencións na Paisaxe

### 2024

CATEGORÍA

Edificacións e instalacións produtivas



Recoñecemento á calidade construtiva e correcta integración paisaxística de edificacións e instalacións vinculadas con procesos produtivos no medio rural.

#### Candidatos


Autor/es do proxecto ou da intervención; persoa física ou xurídica de natureza privada. Proxectos acabados entre 2015 - 2023.

#### Dotación

6.000€ + Dous accésits de 1.500€ cada un.

#### Prazo

Ata 30/06/2024



T. 981 654 637  
info@juanadevega.org  
www.juanadevega.org



Fundación  
Juana de Vega

# PREMIO JUANA DE VEGA DE INTERVENCIÓNS NA PAISAXE 2024. CATEGORÍA EDIFICACIÓNS E INSTALACIÓNS PRODUTIVAS

## Obxecto

O Premio Juana de Vega de Intervencións na Paisaxe xorde do convencemento de que a paisaxe é un elemento fundamental do patrimonio de calquera sociedade humana por incidir directamente no seu benestar físico e social e por ser un recurso socio-económico de enorme potencial. Para poñer en valor e mellorar a calidade paisaxística do territorio, a Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega convoca o Premio como recoñecemento a aquelas intervencións no patrimonio natural e construído que contribúan a mellorar a calidade dos elementos que configuran a paisaxe de Galicia e sirvan de referencia social para futuras intervencións no mesmo.

Neste ano 2024 convócase o Premio na **categoría de EDIFICACIÓNS E INSTALACIÓNS PRODUTIVAS**, que ten como obxecto recoñecer a calidade construtiva e correcta integración paisaxística de edificacións e instalacións vinculadas con procesos produtivos no medio rural.

## Prazos

O prazo de presentación de candidaturas estará aberto **ata o 30 de xuño de 2024** e o fallo do xurado darase a coñecer no último cuadrimestre do ano.

## Valoración

Dentro da súa liberdade para tomar decisións, o xurado deberá valorar os seguintes aspectos nos proxectos presentados ao premio:

- A calidade da intervención e a súa contribución á mellora da paisaxe.
- A incorporación de criterios de sostibilidade, uso racional dos materiais, estratexias de proximidade e economía circular.
- A adecuación da intervención realizada aos usos previstos.
- A capacidade da obra de converterse nunha referencia social.

## Candidatos

Poden ser candidatos ao premio:

Autor/es do proxecto ou da intervención, cuxo promotor sexa unha persoa física ou xurídica de natureza privada. Só se admitirán **intervencións realizadas en Galicia, que fosen acabadas nos oito anos anteriores a 2024, é dicir, entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2023.**

As candidaturas poden ser presentadas polo autor/es ou por un terceiro, incluídas asociacións ou outras entidades que teñan coñecemento de intervencións que ao seu xuízo, poidan ser merecedoras dos premios.

O xurado poderá premiar proxectos que non se presentasen á convocatoria se os consideran merecedores do mesmo.

## **Dotación**

O premio terá unha dotación económica de 6.000€. Se o considera pertinente, o xurado poderá repartir o valor económico do premio entre os autores e o promotor, podendo percibir este último non máis do 50% do mesmo.

A criterio do xurado, poderán concederse tamén dous accésits, dotados cada un deles cunha cantidade económica de 1.500€.

Os autores das intervencións galardoadas recibirán un diploma acreditativo e os promotores unha placa de recoñecemento.

Os traballos premiados serán difundidos a través da web da Fundación, redes sociais, prensa xeneralista e medios especializados.

## **Xurado**

O xurado estará integrado por dous enxeñeiros de prestixio nomeados pola Fundación Juana de Vega, o decano/a do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais (COIIG) e o decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia (COIAG), ou persoa en quen delegue, e dous representantes de diferentes ámbitos profesionais relacionados coas intervencións na paisaxe e o territorio, a arte e a cultura. Ademais, formarán parte do Xurado, como mínimo, un membro do padroado da Fundación Juana de Vega e o director/a de a Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega, que actuará de secretario/a. A Fundación Juana de Vega, de entre os membros do xurado, nomeará ao presidente do mesmo.

## **Incompatibilidade**

Non poderán optar ao premio os membros do xurado, os seus asociados e colaboradores de calquera tipo, os empregados e patróns da Fundación Juana de Vega, así como os familiares dos mesmos, calquera que sexa o grao de parentesco.

## **Documentación**

As propostas deberán acompañarse da seguinte documentación:

- a) Nome do autor ou autores do proxecto e do promotor.

- b) Certificación asinada polos autores na que se dea fe da finalización da obra dentro do prazo establecido no apartado quinto (periodicidade), así como a data de visado e o número de expediente colexial, acompañado do certificado final de obra no caso de que, polo tipo de intervención, se requira visado colexial.
- c) Declaración xurada do autor ou autores sobre os datos económicos obxecto do proxecto ou da intervención na que se indicará o orzamento total de execución da intervención terminada e metros cadrados obxecto da mesma. No caso das categorías B e C do Premio, tamén os metros cadrados construídos totais.
- d) Declaración xurada do autor ou autores na que se dea fe de non incumprir ningún suposto de incompatibilidades sinaladas no apartado anterior.
- e) Breve memoria descritiva da intervención en formato DIN A3 horizontal que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:
  - Texto descritivo da proposta, cunha extensión máxima de 350 palabras, no que se expoñerán os valores do proxecto e a súa achega á paisaxe, xustificando a solución adoptada, a elección de materiais e estratexias de integración da obra na contorna e os criterios de sostibilidade e de eficiencia enerxética empregados.
  - Plano de situación da intervención que permita a súa localización.
  - Fotografías do estado previo ao comezo das obras e do estado final das mesmas.
  - Planos de estado previo e estado proposto, incluíndo plantas, alzados, seccións, detalles construtivos e outra documentación gráfica que se estime oportuna para contar o proxecto.
  - No caso da categoría C, se procede, análise de concas visuais e estratexias de mitigación do impacto paisaxístico.
- f) No caso da categoría C, deberá achegarse licencia de actividade cando esta sexa necesaria.

Toda a documentación deberá presentarse en soporte papel co formato e as dimensións indicadas. Os apartados a, b, c, d poderán entregarse en formato DIN A4 como anexos á memoria.

- Ademais, presentarse toda a documentación en soporte dixital, atendendo aos seguintes criterios:
- A memoria e anexos presentaranse en arquivos PDF, debidamente identificados.
- Os planos e fotografías incluídos na memoria entregaranse tamén por separado, dentro dun cartafol, en formato JPG cunha resolución mínima de 300 ppp.
- A documentación achegada quedará en propiedade da Fundación Juana de Vega. Igualmente, todo o material gráfico e fotografías estarán libres de dereitos de autor e os concursantes galardoados co Premio ou cun accésit, autorizan expresamente á Fundación Juana de Vega, polo feito de presentar a súa candidatura, a utilizar a documentación gráfica para a edición de publicacións en soporte papel ou en dixital, co obxectivo de difundir os resultados das diferentes convocatorias.

## Lugar de presentación de candidaturas

As candidaturas deberán presentarse en:

### Fundación Juana de Vega

Avda. Salvador Allende, 92. 15176 San Pedro de Nós, Oleiros (A Coruña)

Tel. +34 981 654 637

Email: [info@juanadevega.org](mailto:info@juanadevega.org)

## Fallo do xurado

O xurado, á vista da documentación presentada, poderá realizar unha selección previa daquelas intervencións ou obras que, considere, reúnen as condicións suficientes para optar ao premio, e realizar unha posterior visita ás mesmas. Os premios e os accésits poderán quedar desertos se as propostas presentadas non se consideran axustadas aos obxectivos do mesmo.

Unha vez analizadas todas as propostas, as decisións do xurado adoptaranse por maioría simple, sen voto de calidade. As decisións do xurado así adoptadas serán inapelables.

O fallo do xurado farase público a través da páxina web da Fundación Juana de Vega e noutros medios. Igualmente, os autores premiados recibirán unha comunicación por escrito na que se lles dará conta da resolución do xurado.

A entrega do premio realizarase nun acto público que terá lugar na sede da Fundación Juana de Vega, no último cuadrimestre do ano.

## Aceptación das bases

A simple presentación de propostas para optar ao premio, implica o coñecemento e a plena aceptación das bases da convocatoria, que poden consultarse aquí, así como as bases do Premio Juana de Vega de Intervencións na Paisaxe.

## ANEXO

Formulario de presentación da candidatura ao premio Juana de Vega de Intervencións na Paisaxe 2024. Categoría Edificacións e instalacións produtivas.

**Nome da intervención:**

**Situación da intervención (dirección, concello e provincia):**

**Autor/es da intervención:**

**Colaboradores:**

**Promotor:**

**Dirección postal:**

**Email:**

**Tfno:**

**Data fin obra:**

**Orzamento total:**

**Orzamento contrata:**

**Superficie de actuación (m<sup>2</sup>):**



## **Autorización ao tratamento de datos**

Informámolo de que os datos facilitados directamente polo/a titular ou por un terceiro/a, serán tratados de forma confidencial e entrarán a formar parte de diferentes tratamentos de datos, sendo responsable dos mesmos a FUNDACIÓN JUANA DE VEGA, con CIF ESG15050602; a partir de agora O RESPONSABLE.

### **Tratamentos de datos**

O RESPONSABLE, solicita os datos de titular/ para distintos tratamentos, sendo usados só para determinados fins, indicados en cada un dos tratamentos. Os datos non serán tratados posteriormente de maneira incompatible co devandito fin. No seu caso, se houbo un tratamento no que o fin non coincidise con aquel para o que foi solicitado nun principio, o/a TITULAR deberá ser informado sobre esa outra finalidade. O RESPONSABLE realiza os seguintes tratamentos:

### **Xestión de usuarios/as**

Finalidade e lexitimación: Xestión da relación co/a usuario/a, regularización do alta como usuario/a, realización de orzamentos, facturación de servizos e/ou produtos ou outros tratamentos necesarios para a xestión, en base á relación existente.

Cesións: Os seus datos serán cedidos a: bancos para a emisión de recibos e cobranzas, a terceiros cos que o responsable teña contratado un servizo de asesoramento contable e fiscal, e á administración pública con competencias na materia fiscal.

Prazo: O tempo de conservación será de cinco anos unha vez terminada a relación contractual.

Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e limitación.

### **Xestión de contactos**

Finalidade e lexitimación: crearase unha axenda para a xestión de contactos achegados polo/a titular ou un terceiro para autorizalo/a para poder manter a relación e enviar notificacións e/ou avisos necesarios para a prestación do servizo ou realizar as xestións pertinentes. Esta axenda pode incluír os datos recolleitos a través de formularios web de contacto para a pertinente xestión. A base de lexitimación é a relación contractual/comercial e/ou o interese lexitimo do/da titular.

Cesións: Os seus datos serán cedidos en casos específicos, e amparados por un contrato de confidencialidade a terceiros/as para a prestación dun servizo necesario para o responsable.

Prazo: Os datos conservaranse mentres dure a relación contractual entre O RESPONSABLE e o/os titular/es.

Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e limitación.

### **Xestión de eventos**

Finalidade e lexitimación: Tratamento dos datos necesarios para a execución dun contrato no que o interesado é parte ou a través do consentimento expreso para o tratamento dos seus datos, para poder organizar, coordinar e xestionar eventos e actividades de diversas índoles.

Cesións: Poden realizarse cesións a colaboradores/ as na organización dos eventos, nese caso formalizárase un contrato de encargado de tratamento co mesmo. Tamén pode darse un acceso incidental por un encargado de tratamento necesario para ofuncionamento do sistema automatizado.

Prazo: Os datos serán conservados o tempo necesario para a coordinación dos eventos e para cubrir as obrigacións legais.

Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e limitación.

### **Xestión multimedia**

Finalidade e lexitimación: Tratamento de imaxes e/ou vídeos para uso interno por parte do responsable ou para a elaboración e difusión de contido promocional en redes sociais, páxina web, medios de comunicación, revistas ou outros medios que considere oportunos. A base de lexitimación é o consentimento expreso ao tratamento.

Cesións: Os datos poden ser cedidos para a elaboración do contido ou a súa difusión, ademais do posible acceso incidental por un encargado de tratamento necesario para o funcionamento do sistema. Devanditos casos quedarán amparados baixo acordos de confidencialidade.

Prazo: Os datos serán tratados ata a oposición por parte do titular ao tratamento ou a perda relevante do seu uso.

Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e limitación.

### **Envío de notificacións e avisos**

Finalidade e lexitimación: Tratamento dos datos identificativos para o envío de notificacións e avisos de interese para o/a titular dos datos en relación coas actividades da Fundación. A base de lexitimación é o consentimento expreso ao devandito tratamento recollida no apartado 5.



### Consentimento

Cesións: Non están previstas cesións salvo obrigación legal ou acceso incidental por un encargado de tratamento necesario para o funcionamento do sistema.

Prazo: Os datos serán tratados durante a duración do contrato ou ata a oposición por parte do titular ao tratamento.

Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e limitación.

### Exercicio de dereitos

Pódense exercitar os dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación, Oposición, Limitación e/ou Portabilidade (dependendo de cada caso), a través dun escrito (acreditando a súa identidade mediante un documento identificativo oficial: NIE, DNI, Pasaporte) dirixido a FUNDACIÓN JUANA DE VEGA en Avda. Salvador Allende, 92. 15176 Oleiros (A Coruña) ou mediante correo electrónico a [lopd@juanadevega.org](mailto:lopd@juanadevega.org). Vostede pode solicitar a tutela sobre os seus dereitos ante a Axencia Española de Protección de datos C/ Jorge Juan, 6 28001 Madrid - FAX: 914 483 680 - TELF: 901 100 099- Email: [ciudadano@agpd.es](mailto:ciudadano@agpd.es).

### Consentimentos

Mediante a firma do presente documento vostede autoriza ao tratamento dos seus datos para os fins descritos no apartado 3. Tratamento de datos, excepto os que requiren consentimento expreso .

Autoriza  Non autoriza o tratamento de imaxes e/ou vídeos para uso interno por parte do responsable, para a difusión promocional do responsable en redes sociais, páxina web ou outros medios que considere oportunos, así como para o envío de notificacións e avisos para mantelo informado do servizo.

**Firmado:**

En \_\_\_\_\_ a, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024